

# A CIDADE DOS NENOS

Texto e ilustracións de FRANCESCO TONUCCI

Tradución de MÓNICA BALEIRÓN, SONIA SANTOS  
e RUT VÁZQUEZ

Limiar de ANTÓN COSTA RICO

Encadernación rústica con lapelas. 15 x 21,5 cm. 288 páx. 20 €  
ISBN 978-84-8464-274-9. Biblioteca de Pedagogía, nº1

*“Fronte á degradación das cidades pensadas só polos adultos e para adultos, este proxecto promove unha nova filosofía de goberno das cidades onde os nenos sexan o parámetro que hai que seguir e a garantía da consecución dunha cidade mellor para todos. A súa realización, que actualmente experimentan de diversos modos moitas cidades de distintos lugares do mundo, incluída a nosa de Pontevedra, implica escoitar os nenos nos Consellos Municipais, quizais crear un Consello Municipal dos Nenos e dispoñer un concelleiro cunha unidade administrativa e de programación, para responder a unha nova cultura da infancia”.*


[Fragmento do limiar de Antón Costa]

«A cidade dos nenos» é un proxecto impulsado en 1991 por Francesco Tonucci no seu Fano natal -de 60.000 habitantes- partindo da filosofía de que unha cidade á medida da infancia redonda nunha maior calidade de vida para toda a veciñanza. Así, impulsou a creación dun Consello Municipal da Infancia para que os máis novos colaborasen no deseño e na planificación dos servizos e dos espazos urbanos. A partir de 1997 a iniciativa foise estendendo por numerosas cidades de Italia, España, Arxentina, Chile, Colombia, México, Paraguai, Uruguai e Perú.

Trátase da primeira tradución ao galego desta obra do prestixioso autor, colaborador de figuras tan destacadas como Gianni Rodari e Mario Lodi. Saír sós da casa e ir á escola de xeito autónomo, recuperar o tempo de lecer, xogar no espazo urbano peonil e deixarilles experimentar, son algúns retos da alternativa á sobreprotección.

Este libro comeza cunha introdución do alcalde de Pontevedra -unha das cidades participantes no proxecto de Tonucci- e cun limiar do pedagogo Antón Costa, director da Biblioteca de Pedagogía de KALANDRAKA. O orixinal consta de tres partes: unha primeira sobre o descontento ante o modelo convencional de cidade; outra coas propostas de cambio; e finalmente, as experiencias xurdidas da execución do proxecto. Complétase co texto da Convención sobre os Dereitos do Neno, cunha “carta aberta á cidadanía de Fano” apelando á súa colaboración, e co artigo “A planificación para as distintas etapas da vida” do sociólogo Lewis Mumford.

Acompañando esas achegas, Tonucci introduce sinxelas viñetas que condensan o sentir dos nenos e as reflexións do autor a raíz dos seus encontros con distintos interlocutores.



- **Temática:** nova cultura urbana respectuosa coa infancia.
- **Idade recomendada:** docentes, familias.
- **Aspectos destacables:** propostas para un xeito novo de pensar a cidade; escola, educación cívica; educación viaria, camiños escolares; contén a Convención sobre os Dereitos do Neno; títulos da *Biblioteca de Pedagogía*: [«Cando os nenos din Basta!»](#) e [«Por que as nenas e os nenos?»](#) de F. Tonucci; [«Educación para un mundo novo»](#) de M. Montessori; [«A imaxinación e a expresión artística na infancia»](#) de L. Vigotski; [«Carta a un profesor mozo»](#) de P. Meirieu; [«A psicoloxía infantil e a nova educación»](#) de J. Piaget; [«Pedagogía do oprimido»](#) de P. Freire; [«Carta a unha profesora»](#) da Escola de Barbiana; [«Técnicas Freinet da escola moderna»](#) de C. Freinet; [«Educar a través da arte»](#) de V. Blanco, S. Cidrás e R. Modia; [«Experiencia e educación»](#) de J. Dewey; [«O sorriso do coñecemento»](#) de J.A. Fernández Bravo; [«Mulleres imprescindibles»](#) (VV.AA.); [«Comezar polo neno»](#) de M. Lodi.
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-cidade-dos-nenos-g>

## Francesco Tonucci

(Fano, Italia, 1940)

Educador e psicopedagogo, autor de numerosos libros sobre a infancia na sociedade actual. Graduado en Pedagogía en 1963 (Universidade Católica de Milán), traballou como mestre e dirixiu o Departamento de Psicopedagogía do Consello Nacional de Investigación italiano. Desde 1991 realiza na súa cidade natal de Fano o proxecto «A cidade dos nenos». En 1997 foi nomeado presidente do Comité Italiano de Televisión e Menores, para a protección da infancia. Colabora coa Cidade da Ciencia de Nápoles e co seu Laboratorio dos nenos; é asesor científico do proxecto «O museo dos nenos» de Roma e doutras entidades vencelladas ao Proxecto Internacional da Cidade dos Nenos, que se está a desenvolver en Italia, España e varios países latinoamericanos. Nos últimos anos vén realizando unha gran difusión das súas investigacións a través de distintas obras que, desde o italiano, tradúcense a outras linguas.

<http://www.lacittadeibambini.org>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com